

# Política

1º de Bach

# O contractualismo

## CONTRATO SOCIAL



HOBBS



LOCKE



ROUSSEAU

### ESTADO DE NATURALEZA

Cada humano busca su propio interés.  
Guerra de todos contra todos.

Derecho a:

- Conservación de la vida y su defensa
- Libertad
- Propiedad

Hombres buenos compasivos, libres e iguales.  
La sociedad genera desigualdades e injusticias

### EL CONTRATO

Pacto entre individuos que renuncian a la violencia a favor de la paz y la seguridad

Conservación de la libertad, renunciando al uso de la fuerza

Contrato entre individuos y entre estos y el estado

Compromiso libre entre individuos de someterse a las leyes

Las leyes expresan la voluntad general

### EL ESTADO

Estado con poder absoluto

Su poder deriva del pueblo  
El estado debe asegurar paz y seguridad  
Poder limitado.  
liberalismo político

Soberanía popular  
Democracia directa


Para Locke, **cada individuo no estado de naturaleza ten dereito a xulgar os delitos que cometan os demais** (e que os coloca en estado de guerra).

O **problema**, observa Locke, dase nos casos no que **un individuo teña que xulgar a súa propia causa** e -ben por codicia ou **venganza- esixa castigos ou reparacións excesivas.**

A solución que propón é o contrato social (un pacto non escrito no que o individuo se compromete a renunciar a parte das súas liberdades a cambio de certos dereitos e garantías).

Este contrato social (orientado sobre todo a administración de xustiza) permitiría mediante a creación de institucións, a creación da sociedade civil.

Aristóteles. Política.



**Aristóteles**


# Aristóteles. Política.

## • Política


- Busca do **ben común** → Felicidade
- **A vida en sociedade é unha necesidade**, non unha elección.
- **A proba desa sociabilidade natural** é a linguaxe (*logos*, palabra) cuxo fin (a comunicación) sería absurdo sen unha vida en sociedade



• Oposto ao contractualismo (a sociedade é froito dun acordo entre individuos)



Thomas Hobbes  
(1588 - 1679)



John Locke  
(1588 - 1679)



Jean-Jacques Rousseau  
(1712 - 1778)



## Ética

- Busca do **ben individual** → Felicidade
- **O desenvolvemento do individuo** (e, polo tanto, a **posibilidade de ser feliz**) **só é posible dentro da polis**



A **función da sociedade** será **satisfacer as necesidades vitais ou primarias** e posibilitar o pleno desenvolvemento moral dos individuos.

# Aristóteles. Política

NON ENTRA NO EXAME

- A **política** (*politiké*) é a **ciencia** «mestra» ou «arquitectónica» (*architectonike*) do **estudo dos asuntos e organización da polis** e o seu **fin** é **guiar aos cidadáns a eudaimonía**.
- A **lexislación** (*nomothetiké*), a técnica ou arte de crear leis, e a súa ferramenta principal e serve para guiar a cidade cara ao ben común. Para Aristóteles unha lei debe ser **pura razón** (e nada de **paixón**)
- As leis dependen da **constitución** (*politeia*, que é como o plano ou estrutura da *polis*). A constitución ordena a cidade establecendo o funcionamento dos cargos e da autoridade soberana en cada réxime político. Neste marco se crean / desenvolven as leis.

# Aristóteles. Política.

NON ENTRA NO EXAME


## Análise dos réximes políticos

- Un **réxime político** é “unha ordenación das diversas maxistraturas da cidade e especialmente da que ten o poder soberano” (*Política*. Libro III. Aristóteles)
- É realista e reconece a **imposibilidade dun Estado perfecto** (ao estilo platónico).
- A **solución** é que **en función das súas características** (económicas, culturais, xeográficas) **cada pobo adoite a forma de goberno ou réxime político que mellor se adapte.**

# Aristóteles. Política.

Aristóteles afirma -inicialmente- que o mellor goberno é aquel exercido polos mellores (independentemente do número, ben sexan un, varios ou moitos) e procede a unha **análise sistemática** de cada forma de goberno.

“Posto que dixemos que os réximes rectos son tres, destes será necesariamente **o mellor que esté administrado polos mellores**. Tal é aquel no que sucede que hai un individuo, unha familia enteira ou unha multitude que destaca sobre todos en virtude” (*Política, Libro III*. Aristóteles)



# Aristóteles. Política.

- É realista e reconece a **imposibilidade dun Estado perfecto** (ao estilo platónico).
- Pese a todo Aristóteles distingue dous grandes grupos de réximes políticos en función da busca do ben común
  - **Rectos ou xustos**
  - **Desviados ou inxustos** (os gobernantes buscan o ben particular). Van en contra da natureza humana.



# Aristóteles. Política.

- En teoría, a monarquía é o goberno ideal, pero precisaría dun home perfecto o cal é moi raro, polo que **é inviable**.

"Así pois, das tres constitucións rectas, a mellor ten que ser a que é administrada polos máis excelentes, e esta é, sen dúbida, **a monarquía, se existe un individuo que sobresaia en virtude**." (*Política, Libro III, Aristóteles*).

"Polo cal, se no resto da comunidade política hai un home que se distingue tanto pola súa virtude, [...] non é xusto que sexa exiliado nin que se lle someta a goberno; así a todo, debe gobernar sobre todos, e ser rei vitalicio. [...] Pero **tales casos non se dan con frecuencia**." (*Política, Libros III - IV, Aristóteles*)



# Aristóteles

NON ENTRA NO EXAME

## 1. Monarquía heroica (tradicional)

- Propia de épocas antigas (tipo Homero)
- O rei ten funcións militares, relixiosas e xudiciais
- Poder limitado e aceptado pola costume

## 2. Monarquía bárbara

- Semellante á tiranía, pero aceptada pola tradición
- Máis común en pobos non gregos
- O rei ten poder case absoluto, pero lexítimo culturalmente

## 3. Aisymnetía (ditadura electiva)

- Un individuo recibe poder total de maneira temporal
- Elixido en situacións de crise
- Algo parecido a un “ditador constitucional”

## 4. Realeza espartana

- O rei é sobre todo xefe militar
- Poder moi limitado por leis e outras institucións

## 5. Monarquía absoluta (ideal)

- O rei goberna en todo porque é superior en virtude
- Non está sometido á lei porque el mesmo encarna a xustiza
- É máis un modelo teórico ca real




# Aristóteles. Política.

- A **aristocracia** a considera moi **inestable e propensa a dexenerar en oligarquía** (sendo, en certo modo unha oligarquía por natureza xa que son poucos os que mandan) debido a **ambición**.

“Pero se disolven principalmente as repúblicas (*politeías*) e as **aristocracias** pola **desviación da xustiza** do propio réxime.[...] pero como os notables (virtuosos) adquiriron toda a terra en contra da lei (pois o réxime era demasiado oligárquico como para permitirles satisfacer a súa **ambición**). [...]Ademais, como **todos os réximes aristocráticos son oligárquicos, os notables adquiren cada vez máis vantaxas.**”

(*Política*, Libro V, Aristóteles).



# Aristóteles. Política.

- Con respecto a **democracia**, considera que, en teoría, é **viabile limitadamente** xa que depende de que se **cumplan estrictamente as leis**.
- O **problema** é que as **leis teñen un alcance limitado e non universal**. Ao non poder aplicar sempre a lei  
→ **xorde a demagoxia** (busca do favor do pobo mediante halagos ou favores concedidos de xeito irracional).
- Coa demagoxia a democracia pervírtese e se torna despótica, como unha **tiranía** = A **democracia non é viable**.



# Aristóteles. Política.

- **Descartada a idea dun goberno ideal**, Aristóteles vai centrar os seus esforzos en atopar o **goberno máis estable**.
- Aristóteles advirte da **inestabilidade dos gobernos xustos** xa que “os homes son bos dunha sola maneira e malos de moitas” (*Ética a Nicómaco*, Libro II. Capítulo VI. Aristóteles). Isto provoca que:
  - Os gobernos tendan naturalmente a **inestabilidade** (e as consecuentes revolucións - *stasis*-) e o cambio (*metabole*)
  - A **desviación**, xa que manter un goberno xusto sexa algo moi complicado na práctica.

# Aristóteles. Política

Aristóteles vai buscar o termo medio (*mesotés*) entre os que considera como gobernos máis estables co *fin* de atopar o goberno máis estable. O busca entre a oligarquía e a democracia. Conclúe que o goberno que un goberno constitucional das clases medias (*politeía*) é o máis adecuado.

Oligarquía  
(interese dos  
ricos)


Democracia/demagogia  
(interese dos pobres)

Clases medias  
(réxime  
constitucional ou  
*poiteía*)

“Pero que a **masa debe ser soberana** máis ca os mellores (aristócratas) , pero poucos, pode **parecer unha solución** e, aínda que teña certa dificultade, ofrece tamén **algo de verdade**. [...] Ao ser moitos, **cada un ten unha parte de virtude e de prudencia**, e, reunidos, a multitude se fai como un só home con moitos pés e moitas mans e moitos sentidos; así tamén ocorre cos caracteres e a intelixencia. [...] Pois **todos reunidos, teñen suficiente sentido e, mesturados cos mellores, son útiles ás cidades**, do mesmo xeito que o alimento non puro fai o conxunto máis proveitoso que una pequena cantidade de alimento puro.[...]Además, una gran cantidade é **máis difícil de corromper**”  
(*Política*. Libro III. Aristóteles)


# Karl Popper

- **Karl Popper**, aborda a política desde un punto de vista ético e funcional.
- Parte do concepto de **sociedade aberta** :
  - Sociedade na que os individuos poden exercer libremente a súa acción crítica e racional.
  - Está permitido loitar polos valores / fins sociais que consideren axeitados
  - O goberno pode ser derrubado sen uso da violencia.



# Karl Popper

- Popper tamén **rexeita** a idea de Marx (defendida por *marxistas* como a *Escola de Frankfurt* → Marcuse, Adorno, etc.) de que **a historia avanza inexorablemente cara ao comunismo** (unha sociedade sen clases, propiedade común).
- Marx pensaba que a historia era a consecuencia da loita de clases provocada pola relación explotadores e explotados (*materialismo histórico*).






# Karl Popper

- Popper alega que **a historia non é un proceso unitario idéntico** (relacións permanentes entre explotadores - explotados) senón que **está determinada polas accións libres do ser humano.**

# Karl Popper

- Para Popper, a pregunta clave non é quen debe gobernar senón: **como podemos librarnos dun mal goberno sen violencia?** (clave para unha sociedade aberta)
- Popper en base a pregunta anterior distingue dous tipos de gobernos:
  - **Democracia:** Permite cambiar aos gobernantes sen violencia, a través do voto.
  - **Ditadura:** O goberno non pode ser cambiado por medios pacíficos.



# O PARADOXO DE POPPER



**1** Popper di que se permitimos que os intolerantes teñan voz e capacidade de acción nunha sociedade...



**2** corremos o risco de que triunfen e a nosa sociedade se volva intolerante coma eles



**3** Polo tanto, se queremos que unha sociedade sexa tolerante, debemos ser intolerantes cos intolerantes”.

# Karl Popper

- 1. Popper dicía que unha ditadura non pode ser cambiada por vías pacíficas. Cres que a transición española o desminte?.
- 2. Que criterio seguirías para decidir cal é o mellor sistema de goberno?
- 3. Unha *sociedade aberta* (na que está permitida a crítica e a acción social) é susceptible a revoltas e o desorde social de cando en cando coas consecuencias que isto carrega. Sacrificarías parte das túas liberdades en favor de maior seguridade e estabilidade na túa vida?.
- 4. Que opinas do paradoxo de Popper (“Para acadar unha sociedade tolerante, debemos ser intolerantes cos intolerantes”)?




0 neocontractualismo



**Neocontractualismo**

# Neocontractualistas

- As **teorías neocontractualistas** buscan retomar a la idea fundamental de que a sociedade e o Estado se basan nun **contrato social** —un pacto racional entre individuos— para **lexitimarse**, pero o fan buscando novos obxectivos e enfoques.
- A maior diferenca con respecto aos contractualistas clásicos é que os clásicos buscaban atopar a orixe dos estados para xustificar a súa existencia. Os neocontractualistas, pola contra, busca **lexitimar a estrutura básica da sociedade democrática moderna, a xustiza e os dereitoss fundamentais**.
- As súas figuras fundamentais son: **John Rawls** e **James Buchanan**




John Rawls

# O neocontractualismo. John Rawls.

NON ENTRA NO EXAME

John Rawls defende que a **sociedade xorde mediante a implantación duns criterios básicos e imparciais de funcionamento** como:


- Principio de igual liberdade para todas as persoas: Todas deben gozar das mesmas liberdades cívicas e políticas básicas: de pensamento, de opinión, etc.
- Principio de igualdade social e económica, que só se xustifica se se dan dúas condicións:
  - Principio de igualdade de oportunidades: Todas as persoas deben ter as mesmas condicións de acceso aos postos privilexiados.
  - Principio de diferenza: A desigualdade social e económica debe repercutir en beneficio dos membros menos favorecidos da sociedade.



# Neocontractualismo libertario.

NON ENTRA NO EXAME

- **Robert Nozick** na súa obra *Anarquía, Estado e Utopía* defende a tese de que **o estado debe limitarse a protexer a propiedade e a garantir oa liberdade dos individuos particulares** (como Locke).
- Rexeita que o Estado ofrezca servizos de protección social e de axuda ás persoas desfavorecidas.
- Se asocia co **minarquismo** (a corrente filosófica que defende que, nunha sociedade libre, o papel do Estado debe ser mínimo e restrinxido á defensa e administración de xustiza).



# Neocontractualismo libertario. Minarquismo

NON ENTRA NO EXAME

## O Estado mínimo

### Vantaxas (para os minarquistas)

- ❑ **Menos impostos** → Un estado máis pequeno é máis barato de manter, polo que non é necesario recaudar moitos impostos = Os individuos “en teoría” posúen de máis cartos para gastar como lles conveña.
- ❑ **Menos burocracia** → Un estado pequeno non pode manter un gran corpo de funcionarios = Maior liberdade individual e empresarial.
- ❑ **Menos regulación** = menos leis → maior fomento á innovación.
  - ❑ **Menor corrupción estatal**

### Desvantaxas


- ❑ **Degradación de Servizos Esenciais:** Ao reducir o Estado ao mínimo pode levar a unha educación, saúde e infraestruturas públicas deficientes, afectando especialmente a quen non poden pagar servizos privados.
- ❑ **Desigualdade Social:** Ao carecer de mecanismos de redistribución da renda, a brecha entre ricos e pobres podería ampliarse, deixando aos sectores máis vulnerables sen unha rede de seguridade básica.
  - ❑ **Vulnerabilidade ante crises:** Un Estado mínimo podería ter dificultades para coordinar respostas a gran escala ante desastres naturais, pandemias ou ameazas externas que superen a capacidade/vontade da sociedade.

# Minarquismo vs Anarcocapitalismo

NON ENTRA NO EXAME

- Ambas correntes se parecen pero difiren nun punto fundamental: a existencia do Estado. Para **os anarcocapitalistas o Estado non debería existir xa que é un instrumento de coacción sobre o individuo** (un exemplo sería o pago de impostos obrigatorio).
- Esas serían as principais características do *anarcocapitalismo*:
  - **Abolición total do Estado** en favor dun mercado libre absoluto.
  - **Privatización total**: Mesmo a seguridade e a xustiza deben ser proporcionadas por axencias privadas en competencia.
  - **Principio de non agresión**: Considera que calquera Estado, por pequeno que sexa, é ilexítimo porque se financia mediante impostos, o cal entenden como un roubo ou coacción.

O anarcocapitalismo defende que o libre mercado e os acordos voluntarios poden xestionar todos os aspectos da vida social sen necesidade dunha autoridade central



# Ética do Discurso. Apel e Habermas

- Apel e Habermas defenden que as **normas e os principios que regulan a convivencia sexan o resultado dunha discusión racional baseada no recoñecemento democrático recíproco de toas as persoas participantes.**
- As normas de convivencia serían froito da chamada **acción comunicativa** no que os participantes buscan o entendemento mutuo e o consenso racional en lugar de buscar manipular ao resto para lograr un fin persoal (*acción instrumental*).



Jürgen Habermas

O anarquismo. Mijail Bakunin.



**Anarquismo**

# O anarquismo. Mijail Bakunin.



- **Abolición do Estado e da Igrexa:** consideradas como as dúas principais ferramentas de opresión que manteñen ao pobo na ignorancia e a servidume.
- **Anarcocolectivismo:** A propiedade dos medios de produción (terras, fábricas, ferramentas) debía ser colectiva, non estatal nin privada. Os traballadores organizaríanse en asociacións voluntarias e federacións produtivas, recibindo o produto do seu traballo **dacordo con o seu mérito**.
- **Liberdade absoluta e Solidariedade:** A liberdade individual só pódese alcanzar a través da liberdade colectiva.
- **Ateísmo e materialismo:** A relixión impón un ser superior que converte ao home en escravo. Na súa obra "Divos e o Estado", afirmaba que se Deus existise, habería que abolilo, xa que a relixión nega a liberdade e a dignidade humana.

# O anarquismo. Mijail Bakunin.



- **Revolución social desde abaixo:** Bakunin rexeitaba a "ditadura do proletariado" (Marx) e calquera enfoque estatista do socialismo. Cría nunha revolución espontánea e revolucionaria das masas (incluídos campesiños e desempregados), organizada desde abaixo cara arriba, baseada na libre federación --> (influencia en Lenin)
- **Rexeitamento á política parlamentaria:** Calquera forma de goberno, incluso a elixida por voto popular, termina corrompéndose e mantendo o poder privilexiado.
- **Igualdade económica e social:** Reivindicaba a igualdade de sexos, a abolición das clases sociais e a igualdade de medios de subsistencia, educación e oportunidades para todos desde o nacemento.



Bakunin **influíu** decisivamente nos **movementos sindicais e sociais** do **século XX** ao **fomentar a organización dos traballadores en federacións voluntarias** e a **acción directa**.

Contexto filosófico: Introducción. A Revolución Industrial. O anarquismo de Bakunin

**Nun mundo anárquico, podería haber leis?**



# Os dereitos. Definición e Orixe.

**Que é o dereito?** Se entende por dereito ao **conxunto de normas que regulan a conduta humana e que permiten a convivencia en sociedade.**



# Os dereitos. Definición e Orixe.

**Orixe  
dos  
dereitos**

## Natural (Iusnaturalismo)

- O ser humano posúe dereitos innatos que prevalecen sobre as leis dos estados
  - A política depende da moral
    - Son universais
- Propia das teorías clásicas, e de autores como Tomé de Aquino ou Confucio.

## Vontade política do pobo (Iuspositivismo ou positivismo xurídico)

- O ser humano posúe dereitos que emanan das institucións políticas.
  - A política non depende da moral.
  - Son continxentes e dependen de cada Estado / época.
  - Propia de pensadores como Maquiavelo, Schmitt o Weber

**Confucio**

**ANALECTAS**



**Nicolás Maquiavelo**  
**DEL ARTE DE LA GUERRA**

# Os dereitos. Definición e Orixe.

As leis poden ser:

- **Positivas:** Feitas polos seres humanos (governos, parlamentos, soberanos). É o dereito escrito, como a Constitución, o Código Civil ou as leis de tráfico. Son **continxentes** (cambia segundo a época ou o país) e **coactiva** (o Estado pode obrigarte a cumprila mediante sancións).
- **Naturais:** Xorden da propia **natureza humana** e descóbrese a través da **razón**. Para algúns autores ten unha orixe divina, para outros é froito da **lóxica racional**. É **universal** (para todos os seres humanos) e **inmutable** (non cambia co paso do tempo).



# Resumo




# Repaso

- 1. Cres o que o dereito á vivenda é un dereito natural? Xustifica a túa resposta.
- 2. Deben ter límites os dereitos naturais?
- 3. Onde situarías o límite da liberdade de expresión?
- 4. Cres que a anarquía podería funcionar? Xustifica a túa resposta.



# Ética e Política






**Ética e Política**

# Ética e Política

- **Ética** (ben individual) e **política** (ben común, entendido como a felicidade e virtude dos cidadáns) **son inseparables**.
- O/a **gobernante ten a misión “educadora”** de inculcar **bos hábitos que leven á felicidade e a virtude á cidadanía**.
- Isto implica que o/a gobernante tamén debe ser virtuoso (sendo a *phrónesis* -prudencia- a virtude máis estimada.) = A **política é unha extensión da ética**.

Teorías  
clásicas  
(s. IV -V  
a.C)

Medievo  
(V d.C -  
XV d.C.)



# Política



**Igreja e política**

# Igrexa e Estado. San Agustín, Guillermo de Ockham e Santo Tomé de Aquino.


- San Agustín consideraba que o **Estado e a autoridade política son necesarios como resultado do pecado orixinal** o cal corrompía a esencia humana.
- Isto implicaba que a sociedade é unha consecuencia do pecado, e, se **o obxectivo último do ser humano é a salvación**, o **Estado debe estar subordinado á Igrexa** que é a única que nos pode guiar cara á salvación.



LA CIUDAD  
DE DIOS  
SAN AGUSTIN


# San Agustín, Guillermo de Ockham e Santo Tomé de Aquino.

- Santo Tomé, pola contra, como bo aristotélico, pensa que o ser humano é un ser social, polo que a **sociedade** (e as súas institucións, como o Estado) son **algo natural** e, consecuentemente, **algo querido por Deus**.
- Sen embargo, coincide con San Agustín na idea de que **o obxectivo do ser humano é a salvación polo que o Estado debe estar subordinado á Igrexa**.
- As **leis** que promulgue o Estado deben sempre estar **dacordo coa lei moral** (cristiana).



# San Agustín, Guillermo de Ockham e Santo Tomé de Aquino.

- **Guillermo de Ockham / (Occam)** (1287-1347) viviu no contexto do século XIV, un período marcado polas tensións entre o papado e os poderes seculares (o Papado de Aviñón, a disputa entre o papado e o imperio).
- Ockham **defendeu a teoría nominalista** (que negaba a existencia dunha esencia corrupta do ser humano polo pecado orixinal).
- Sen unha natureza corrupta, non había razón -segundo el- para que a Igrexa tivese poder en asuntos políticos, polo que defendeu a **independencia do poder político da intervención da Igrexa** e opúxose á soberanía papal nos asuntos terrenais.




# San Agustín, Guillerme de Ockham e Santo Tomé de Aquino.

NON ENTRA NO EXAME

- A **navalla de Ockham** di que na análise dun problema, normalmente a explicación máis sinxela é a correcta.
- Outra *navalla* famosa é a de Hanlon: “Non atribúas algo á maldade cando pode ser explicado pola estupidez”.



Unha **navalla** é un **procedemento heurístico** (de resolución de problemas) **que serve para descartar cousas** (ideas, contidos), de tal xeito que a análise e resolución do problema é máis sinxela xa que non posúe tantos elementos. Isto foi clave na revolución científica, na que científicos como Newton e Galileo descartaron as explicacións máis complexas en favor das máis simples.



# Ética e Política







- **Ética** (ben individual) e **política** (ben común, entendido como a felicidade e virtude dos cidadáns) **son inseparables**.
- O/a **gobernante ten a misión “educadora”** de inculcar **bos hábitos que leven á felicidade e a virtude á cidadanía**.
- Isto implica que o/a gobernante tamén debe ser virtuoso (sendo a *phrónesis* -prudencia- a virtude máis estimada.) = A **política é unha extensión da ética**.

- **Ética/Moral** (agora relixiosa -cristiana) e **política** seguen unidas.
- O/a **gobernante ten a misión “salvadora”** da cidadanía.
- Se concibe a política como subordinada á fe (Igrexa).

Teorías clásicas  
(s. IV -V a.C)

Medievo  
(V d.C. - XV d.C.)

Realismo político  
(s.XVI)




# Ética e Política



**O realismo político**

# O realismo político. Maquiavelo

- **Nicolás Maquiavelo** (1469 - 1527, Florencia) viviu unha época turbulenta que viviu a formación de Estados modernos, fortes e centralizados tras a desaparición do feudalismo.
- Maquiavelo marca a **escisión definitiva entre ética e política** en obras como *O príncipe* e *Discursos sobre a primeira década de Tito Livio*.



DISCURSOS SOBRE LA PRIMERA  
DÉCADA DE TITO LIVIO

Maquiavelo



César Borgia

# O realismo político. Maquiavelo

- Maquiavelo é -o mesmo que outros pensadores como Hobbes **pesimista** e considera que **os seres humanos somos inherentemente malos**, polo que deixalos ao seu libre albedrío daría como consecuencia un mundo caótico e inxusto.
- **A política**, entón, **non pode basearse en ideais morais elevados**, senón que debe ser gobernada pola realidade dos **comportamentos humanos**.




# O realismo político. Maquiavelo

- **Substitúe a Deus polo home** (como centro de interese, algo propio do *antropocentrismo* da súa época débeda do *humanismo* anterior), **abandonando calquera formulación cristiá / relixiosa da política**
- Promove unha **visión pragmática da política, a través dunha continua análise racional da realidade** concreta e as relacións de poder.






Nicolás Maquiavelo  
**DEL ARTE DE LA GUERRA**



# O realismo político. Maquiavelo

- A **ética subordínase á política**, adoptándose unha **moral situacional** que serve aos intereses políticos (a chamada **razón de estado** e que se erixe na **norma suprema** do pensamento maquiavélico).
- O estado, liderado polo **príncipe**, **busca o ben colectivo** (non moral xa, senón pragmático).


# O realismo político. Maquiavelo



Este é un exemplo de *realismo político* que cita Maquiavelo en *O príncipe*. En todos os casos Rodrigo Borgia acada os seus obxectivos políticos, aínda que mediante métodos moralmente -como mínimo- discutibles.

# O realismo político. Max Weber.

- Na actualidade a figura máis relevante do realismo político é **Max Weber** (1864 - 1920)
- A **Primeira Guerra Mundial (1914-1918)** foi un evento clave durante a **vida de Weber**. A guerra tivo efectos devastadores para Europa e, particularmente, para Alemaña. Ademais da catástrofe militar, desatou unha **crise política en Alemaña** que acabou co Imperio Alemán e deu paso á República de Weimar, unha democracia parlamentaria que intentou estabilizar -infructuosamente- o país tras a derrota e que viu o ascenso de movementos extremistas (como os *nazis*).



# O realismo político. Max Weber.

- Weber ve a **política** principalmente como **unha loita polo poder**, un campo onde os actores intentan influír sobre a toma de decisións e sobre os recursos da sociedade.



ACTORES  
POLÍTICOS



PODER

ACTORES  
ECONÓMICOS  
(capitalistas, grandes  
empresas, etc.)



ACTORES SOCIAIS  
(sindicatos,  
asociación, clases  
sociais, minorías,  
etc.)




ACTORES  
IDEOLÓXICOS  
(relixións,  
filosofías, etc.)



# Teorías sobre o poder. Max Weber e o realismo político.

- O poder político maniféstase na capacidade do Estado para impoñer leis e facer cumprir a súa autoridade mediante o uso lexítimo da forza (por exemplo, a través da policía ou o exército).



# O realismo político. Max Weber.

- A política, neste sentido, **non se basea en ideais abstractos de xustiza ou moralidade, senón na necesidade de conquistar e manter o poder** nun mundo no que os intereses, os valores e as forzas sociais están en conflito constante.
- Neste punto, o Estado actúa desde dúas éticas distintas:
  - **Ética da convicción** (acción política baseada en principios morais e ideais, os resultados das decisións/accións adoitan ser pouco prácticos)
  - **Ética da responsabilidade** (mais pragmática e realista).

Para Weber, **o político realista debe equilibrar ambas éticas, tendo sempre en conta a necesidade de tomar **decisións baseadas en resultados e circunstancias concretas.****

# Ética e Política

- **Ética** (ben individual) e **política** (ben común, entendido como a felicidade e virtude dos cidadáns) **son inseparables**.
- O/a **gobernante ten a misión “educadora”** de inculcar **bos hábitos que leven á felicidade e a virtude á cidadanía**.
- Isto implica que o/a gobernante tamén debe ser virtuoso (sendo a *phrónesis* -prudencia- a virtude máis estimada.) = A **política é unha extensión da ética**.











- **Ética/Moral** (agora relixiosa -cristiana) e **política** seguen unidas.
- O/a **gobernante ten a misión “salvadora”** da cidadanía.
- Se concibe a política como subordinada á fe (Igrexa).

- **Ética/Moral** e **política** se **separan**.
- O/a **gobernante debe buscar o ben común** (paz social e supervivencia do Estado) da cidadanía e para iso pode utilizar todo tipo de ferramentas (sexan morais ou non).

Teorías clásicas  
(s. IV -V a.C)

Medievo  
(V d.C. - XV d.C.)

Realismo político  
(s.XVI - adiante)



# Repaso

## 1. Moita xente ten crenzas relixiosas:

- Cres que a relixión debería ter algún lugar no Estado?
- Cres que expulsar a relixión da política implica expulsar unha parte importante da súa vida para moita xente ? Xustifica as túas respostas.

2. Pensas como Maquiavelo que todo vale para a busca do ben común? En caso contrario, onde porías o límite? Pensa nunha acción que poida ser legal pero inmoral ao mesmo tempo.

3. Como cres que intentan influir os actores económicos no poder do Estado?

4. Cal cres dos diferentes actores citados que ten máis poder dentro dun estado?



# O poder



*Que é o poder?*

# Teorías sobre o poder

- Que é o poder? Forza?, Violencia?, Control?, Cartos?
- Se entende por poder -en xeral- a **capacidade de controlar e de dirixir a acción doutra persoa.**



*Lancaster*





*York*

# Teorías sobre o poder

NON ENTRA NO EXAME


- **Teorías substancialistas:** O poder é unha capacidade ou forza física e legal propia de determinadas institucións (policía, exército, etc.) que serve como medio (substancia) para acadar os obxectivos políticos dun grupo determinado.
- Autores destacados serían Hobbes e Maquiavelo



# Teorías sobre o poder

NON ENTRA NO EXAME

- **Teorías subxectivistas** (ou psicolóxicas): O poder é unha capacidade subxectiva que depende das características do individuo. Sería a habilidade ou destreza dun individuo para gañar autoridade ou liderar un grupo / mando político.
- É dicir, non se trata de cantos cartos, forza, armas posúes senón canto inflúes na vontade dos demais.
- O poder depende da obediencia do subordinado, e esa obediencia nace da súa percepción subxectiva da realidade.



# Teorías sobre el poder

NON ENTRA NO EXAME

- **Teorías relacionais:** O poder sería a relación de individuos (dominantes e dominados) nun contexto determinado.

## EL SUJETO Y EL PODER

Michel Foucault

Primera traducción al castellano,  
por Santiago Carassale Angélica Vitale

# Teorías sobre o poder. Teorías relacionais.

NON ENTRA NO EXAME

**Características principais** do poder segundo as *Teorías relacionais*:

- A resistencia é parte do poder: O dominado non é un obxecto pasivo; a súa capacidade de resistir, negociar ou desobedecer é o que define a intensidade e a forma da relación de poder.
- Interdependencia: O dominante necesita que o dominado recoñeza a súa autoridade ou ceda ante a súa influencia para que o poder sexa efectivo (similar a dialéctica do *amo e o escravo* de Hegel). Se o "dominado" deixa de participar na relación (por exemplo, mediante unha folga total ou desobediencia civil), o poder do "dominante" desvanécese porque xa non ten sobre quen exercerse.
- Roles intercambiabiles: Unha persoa pode ser dominante nunha relación (un pai cos seus fillos) e dominada noutra (ese mesmo pai co seu chefe.). O poder flúe segundo o contexto social.




# Teorías sobre o poder. Confucio (VI a.C.)

- Para Confucio o poder é unha responsabilidade ética que se manifesta mediante a virtude.


Como debe exercer o poder o gobernante segundo Confucio?:

- Pola virtude: Se un soberano guía mediante a virtude e o exemplo, o pobo desenvolve un sentido da vergoña e a honra, volvéndose "ingobernable" a través do simple castigo ou o terror. Polo tanto, o/a gobernante poderos@ é aquel debido a súa virtude inspira ao pobo a seguir o bo camiño.



# Teorías sobre o poder. Confucio (VI a.C.)

- Para Confucio, **o goberno a través do medo e a violencia é unha forma errada de poder** por dúas razóns principais:
  - Produce persoas sen ética: Se só obedeces para evitar un lategazo ou unha multa, non estás a aprender a ser unha "boa persoa", só estás a aprender a "non ser atrapado". En canto o garda se distrae, a orde desaparece. É fráxil.
  - Un goberno baseado no medo require unha vixilancia constante e xera resentimento.
  - Na súa xerarquía de poder, o esquema sería este:
    - **Poder superior: Inspirar a través do exemplo e a cultura** (*Li*) → O pobo avergónhase de actuar mal porque ten honra.
    - **Poder inferior: Obrigar a través de leis e castigos** (*Fa*). O pobo intenta evitar o castigo, pero perde o sentido da xustiza.



# Formas de legitimación do poder



**Formas de  
legitimación do poder**

# Formas de lexitimación do poder

- Conceptos previos:


- **Legalidade:** A adecuación dunha decisión / acción política ao marco legal existente nunha determinada sociedade.
- **Lexitimidade:** É a fundamentación moral ou social dunha acción, decisión ou institución política. É variable dependendo das dinámicas sociais e políticas (é dicir, nun momento dado unha institución ou acción pode ser lexítima -por exemplo atacar a outro estado para defenderse da súa agresión- e noutro non).



# Formas de legitimación do poder

Segundo Weber **existen tres tipos de dominación que serven para legitimar o poder:**


- **Autoridade tradicional:** baseada no costume e na tradicón (por exemplo, monarquía hereditaria).
- **Autoridade xurídico/legal-racional:** baseada na lei e no sistema xurídico (por exemplo, burocracia moderna, típica das sociedades democráticas).
- **Autoridade carismática:** baseada no carisma e na personalidade do líder. Segundo Weber, este tipo de autoridade pode ser un factor clave nos movementos políticos, especialmente en tempos de crise ou cambio (véxase Churchill na Segunda Guerra Mundial).



# Formas de legitimación do poder

NON ENTRA NO EXAME


- Para Weber, a **burocracia representa unha forma de organización política que busca a eficiencia e a racionalidade.**
- Aínda que considera a burocracia como unha ferramenta necesaria para a administración moderna, tamén **advirte dos seus posibles efectos negativos**, como a **deshumanización e a concentración do poder en mans de funcionarios** con estrutura impersonal.



# Formas de lexitimación do poder

NON ENTRA NO EXAME

- **Leon Trotsky** (antiguo dirixente e revolucionario soviético) irá máis aló e considerará a **burocracia como unha “casta parasitaria”** beneficiada polo seu control dos aparatos do Estado e dunha economía totalmente nacionalizada.



# Formas de lexitimación do poder. Marx e a *superestrutura*

- Karl Marx sostíña que cada época histórica estaba determinada polo seu modo de produción económica.
- Un **modo de produción** é unha totalidade orgánica que comprende dúas partes:
  - **Infraestrutura económica** ou **base material**
  - **Superestrutura**

M  
O  
D  
O  
D  
E  
P  
R  
O  
D  
U  
C  
I  
Ó  
N

**Superestrutura**



**Infraestrutura**


## Formas de lexitimación do poder. Marx e a *superstrutura*

- Segundo Marx, a superestrutura se encarga de difundir e lexitimar o poder das clases dominantes de cada época / modo de produción sendo **as ideas dominantes nunha sociedade as da clase dominante** polo efecto da superestrutura.


# Formas de legitimación do poder. Marx e a *superstrutura*

M  
O  
D  
O  
D  
E  
P  
R  
O  
D  
U  
C  
I  
Ó  
N

*Superestrutur*



Aristóteles: "**A escravitude é natural e necesaria** para o bo funcionamento da polis e o desenvolvemento do cidadán" (Política, Libro I)





*Infraestrutur*

Na Grecia clásica, **o traballo era levado a cabo polos escravos** (naquelas familias poderosas que podían permitirse ter escravos)

# Formas de legitimación do poder. Gramsci e a disputa pola hegemonía cultural.

- Antonio Gramsci foi un marxista crítico que afondou na dualidade marxista.
- Desenvolve o concepto de **Hexemonía Cultural**: A clase dominante impón a súa visión do mundo (plasmada no chamado “sentido común”) non só pola forza, senón a través da cultura, logrando o consenso das clases subalternas.



# Formas de legitimación do poder. Gramsci e a disputa pola hexemonía cultural.

- Esta hexemonía se produce mediante os chamados ***Intelectuais Orgánicos*** (aqueles que crean e difunden a cultura da súa clase para dar homoxeneidade e conciencia)
- **Sentido Común**: O terreo que debe disputarse para cambiar a forma en que as masas entenden a realidade. O sentido común, non sería tan común, senón que sería o resultado da hexemonía cultural das clases dominantes (que son pouco comúns).

# Formas de lexitimación do poder. Gramsci e a disputa pola hexemonía cultural.

## O “sentido común”

- "Todos os políticos son iguais (de malos)" = A política é algo sucio e amoral. → Non participes na política, deste xeito é **máis doado para as clases dominantes facer e desfacer ao seu antoxo**.
- "O que quere, pode" (meritocracia) --> Serve para culpar ao individuo do seu fracaso, cando non sempre é responsable, incluso ao revés, **con frecuencia o éxito non é froito do esforzo senón de contactos ou mesmo da herdanza**.
- "O normal" --> O normal, habitualmente, é o que coincide cos **intereses das clases dominantes** (especialmente a nivel económico)



Meritocracia?



# Formas de lexitimación do poder. Gramsci e a disputa pola hexemonía cultural.

NON ENTRA NO EXAME

**Unidade de Consumo Eficiente:** A familia nuclear é un núcleo de consumo masivo ideal. En lugar de compartir bens a gran escala (como en comunidades ou familias extensas), cada familia "normal" necesita a súa propia vivenda, electrodomésticos, coche e servizos, o que maximiza a demanda de produtos.

**Estabilidade e Obediencia:** A estrutura xerárquica da familia tradicional (con autoridade masculina) prepara aos individuos para a obediencia no lugar de traballo, reflectindo a xerarquía xefe-empregado. Ademais, un pai de familia con dependentes é menos propenso a rebelarse contra condicións laborais precarias por medo a non poder manter aos seus.

**Privatización do Benestar:** O sistema capitalista -dependendo do país- transfire a responsabilidade da saúde, educación e coidado dos anciáns á familia individual, reducindo a necesidade de investimento público.

**Transmisión de Propiedade Privada:** A familia tradicional garante que a riqueza acumulada mantéñase na mesma clase social a través da herdanza.



Familia "normal"?



Autoridade, forza e persuasión e no Estado



**Autoridade, forza e  
persuasión e no Estado**

# Autoridade, forza e persuasión e no Estado

- **Autoridade** (poder político para Arendt) = / = forza.
- A autoridade según Hannah Arendt é unha capacidade de mando e ou liderado sobre outras persoas, de modo que estas recoñezan esa capacidade **sen necesidade de aplicarlles ningunha forza ou violencia** para que sigan as indicacións marcadas (a diferenza da forza).
- Esta autoridade se **basea** nunha **capacidade e coñecemento demostrado** que lle permite lograr o recoñecemento da cidadanía.



Claudio Galeno

# Autoridade, forza e persuasión e no Estado

- A **forza** é coactiva e utiliza a violencia como medio para conseguir os seus obxectivos.
- A **persuasión** é unha **habilidade retórica** que serve para **convencer á cidadanía** para gañar o seu favor e que obedeza os seus ditados.


SCHOPENHAUER  
El arte  
de tener razón

Alianza  
editorial



# Repaso

- Max Weber define ao Estado como a entidade que ten o monopolio da violencia lexítima dentro dun territorio. **Cres que isto é bo?**
- **Cal cres que é a facultade mais importante nun/nunha líder?** A forza? A autoridade? A persuasión?. Pensa nunha característica positiva e outra negativa de cada unha.
- Busca **un exemplo contemporáneo de cada tipo de dominación** segundo Weber.
- Diferentes organismos internacionais defenden que o nivel de esixencia na educación secundaria descendeu nas últimas décadas. **Cres que isto obedece a unha renovación dos métodos educativos ou que, pola contra, obedece a un interese por ter unha sociedade menos formada?**



# Tipos de Estado e formas de governo



**Tipos de Estado e formas  
de governo**

# Tipos de Estados e gobernos. Introducción.

- Se poden clasificar:
  - Por **número de persoas que ostentan o goberno** (un → monarquía / tiranía, varios → oligarquía, timocracia, aristocracia, etc..)
  - Se é **democrático o u non** (se a soberanía reside no pobo ou non cun sistema garantista de dereitos e liberdades).


# Tipos de Estados e gobernos. Formas non democráticas do Estado. Monarquía Absoluta.

## • Monarquía absoluta:

- Forma tradicional da monarquía.
- O/a monarca concentra todo o poder
- Pode ser hereditario
- Os cidadáns se someten ao monarca e as súas leis
- A autoridade e a lexitimación do seu poder ven da tradición, relixión, etc.



Coronación como emperador de Carlos V



Coloso de Ramsés II

# Tipos de Estados e governos. Formas non democráticas do Estado. Autocracia.

- **Autocracia:**

- Son -habitualmente- as tiranías e ditaduras unipersoais (a diferenza das monarquías absolutas, que serían tamén autocracias, estas non se obteñen mediante herdanza)
- Concentran o poder nun só individuo sendo este / esta a única forma de autoridade recoñecida.



Vladimir Putin

# Tipos de Estados e governos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.

## • Totalitarismos:

- O Estado concentra todo o poder, regulando por completo a vida do individuo.

“Todo no Estado, todo para o Estado, nada fóra do Estado, nada contra o Estado”  
Benito Mussolini (Ditador de Italia e líder do *Partido Fascista Italiano*).



Adolf Hitler : Nazismo



Iosif Stalin: Stalinismo



Mao Zedong: Maoísmo

# Tipos de Estados e gobernos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.

- Segundo Hanna Arendt, os totalitarismos preteden a **dominación total do individuo**.
- Segundo ela, posúen as seguintes características:
  - Características:
    - **Posúen leis**, non son simples tiranías en el que el poder se exerce caprichosamente polo tirano.
    - **Ambos teñen a ambición de crear un «home novo»** resultado de legislar con novas leis que realicen as:
      - «Leis da natureza» (a onde leva o racismo nazi)
      - «Leis da historia» (segundo a ideoloxía marxista do estalinismo)
  - Esta promesa dun home “mellor” serve para **xustificar ideoloxicamente o terror**, posto que se fai **necesario eliminar o que é prexudicial para o movemento**.



# Tipos de Estados e gobernos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.


- Para Arendt, esa dominación total pasa por tres fases:

**1. Matar a persoa xurídica:** anular ao individuo como cidadán suxeito de dereitos, situalo fóra da lei.



# Tipos de Estados e governos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.


**2. Asasinar a persoa moral:** destruír os seus valores morais = anulación da capacidade para distinguir entre o ben e o mal, mediante a manipulación e o terror, corrompendo toda solidariedade humana e convertendo mesmo ao individuo en cómplice do terror (por exemplo, delatando a veciños e incluso familiares)



# Tipos de Estados e gobernos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.

**3. Destruír a individualidade:** aniquilar todo rastro de individualidade, converter ao individuo nun número, transformar aos individuos en «especímenes do animal humano», como ocorría nos campos de concentración (e tamén fóra).

O totalitarismo consegue así aniquilar a identidade xurídica, a identidade moral e a dignidade humana dos individuos, que quedan illados, convertidos en «masa», uniformizados.



# Tipos de Estados e governos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.

Como destruír a individualidade? Unha das maneiras é suprimir a esfera privada.

- Esfera privada:

- Para Arendt a esfera privada é como o “muro que protexe ao individuo do mundo”.
- Sen privacidade non hai pensamento propio: Se o Estado elimina a vida privada (a través da vixilancia ou a delación), o individuo xa non ten un lugar onde retirarse para reflexionar en por si.
- Desamparo: Ao suprimila, o ser humano queda "espido" e exposto á forza da masa e do Estado, perdendo a súa singularidade.



Tipos de Estados e governos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.

**E cal é a consecuencia da perda da esfera privada?**



# Tipos de Estados e gobernos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.

- A perda da esfera pública (entendida como o lugar onde debatemos libremente as nosas ideas). A esfera pública convértese nun:
  - **Deserto social**: Nun réxime totalitario, a esfera pública se enche de propaganda, non de debate.
  - **Perda da realidade**: Arendt sostén que o mundo só é "real" cando o vemos desde distintas perspectivas. Se todos estamos obrigados a pensar igual, o mundo común desaparece e volvémonos predicibles e manipulables.




# Tipos de Estados e gobernos. Formas non democráticas do Estado. Totalitarismos.

- E cal é a consecuencia final? → **A perda da política**

«Un **estado totalitario harmonizará en España** o funcionamento de todas as capacidades e enerxías do país, no que, dentro da **Unidade Nacional**, o **traballo**, estimado como o máis ineludible dos **deberes**, será **o único expoñente da vontade popular**. E mercé a el, poderá **manifestarse o auténtico sentir do pobo español** a través daqueles órganos naturais que, como a familia, o municipio, a asociación e a corporación, farán cristalizar en realidades o **noso ideal supremo**»  
Francisco Franco, 1937. Discurso en Salamanca sobre a Reconstrución Nacional post guerra civil.

«Voste faga coma min e **non se meta en política**»  
Francisco Franco a Sabino Alonso (director do diario falanxista *Arriba*)



“O prezo de desentenderse da política é ser gobernado polos peores homes”

(*A República*, Platón)

# Tipos de Estado e formas de governo



**Formas democráticas de Estado**

# Tipos de Estados e gobernos. Formas democráticas de goberno. A democracia.

- A **democracia**:

- A soberanía do Estado reside no pobo.
- Existe un sistema de dereitos e liberdades civís e políticas garantidas por diversos mecanismos de representación e participación.

Dereito / liberdade	Mecanismo de Representación / participación	Garantía
<u>Dereito ao sufraxio</u> (votar e ser votado)	<u>Eleccións periódicas</u> para elixir concelleir@s, deputad@s e eurodeputado@s.	<b>Artigo 23 da Constitución e a Lei Electoral.</b>
<u>Libertade de expresión e información</u>	<u>Plenos municipais e debates abertos</u> á cidadanía e aos medios de comunicación.	<b>Artigo 20 da Constitución, que prohíbe a censura previa e permite recorrer ante o Tribunal Constitucional.</b>

# Tipos de Estados e gobernos. Formas democráticas de goberno. A democracia.

- A **democracia** pode ser:
  - Directa: Non hai mediación de representantes políticos. A cidadanía vota directamente á hora de tomar decisións, promulgar leis, etc.
  - Representativa (indirecta): A soberanía delégase nos representantes políticos escollidos pola cidadanía, cuxo cargo, adoita estar limitado temporalmente.

# Tipos de Estados e governos. Formas democráticas de governo. A democracia.

- A democracia é a **forma de governo máis extendida de Occidente pero non no mundo** (sendo as autocracias ou réximes considerados como pouco democráticos as máis extendidas).
- A **liberdade é un dos factores determinantes na calidade democrática**, sendo os países menos democráticos aqueles con menos liberdades.
- Se estima que -aproximadamente- o 74% da humanidade vive baixo autocracias / monarquías / totalitarismos ou réximes moi pouco democráticos.



Xi Jinping

# Tipos de Estados e governos. Formas democráticas de governo. A democracia.



Riad (Arabia Saudí)



Teherán (Irán)



# Tipos de Estados e gobernos. Formas democráticas de goberno. A democracia.

As **democracias non son perfectas**, senón que posúen algúns problemas potenciais estruturais:

1.- **Quen pode votar e quen non?** (por exemplo, deberíamos deixar votar a xente que viva nun país sen papeis?, deberíamos deixar votar a xente sen formación intelectual?)

2.- **O risco de converterse nunha *partitocracia***: É dicir, a ausencia de -entre outros mecanismos- *primarias* (procesos de elección dos representantes políticos polas súas bases de afiliados e ou simpatizantes) pode levar aos partidos a converterse en élites pechadas á sociedade e os seus intereses. Isto é moi grave e pode levar a grandes crises de confianza na política pola sociedade (imaxina nunha crise económica que os políticos aproben unha suba do seu salario ou que aproben un montón de gasto público en partidas absurdas ou pouco funcionáis).

3.- **A influencia dos medios de comunicación e as redes sociais**: A desinformación é unha ameaza permanente para a sociedade (en xeral) e a democracia.



Mariano Rajoy

# Tipos de Estados e governos. Formas democráticas de goberno. A democracia

- A democracia pode ter dúas formas:
  - **República:** A presidencia é un cargo electo que representa a xefatura do estado.
  - **Monarquía constitucional:** O/a monarca é o xefe de estado pero o seu poder é simbólico. O poder executivo real está en mans do presidente do goberno escollido pola cidadanía.



Marcelo Rebelo  
de Sousa



Felipe VI

# Repaso

- Consideras que se debería loitar para impoñer a democracia no mundo?. Xustifica a túa resposta.
- Estás a favor de que poidan espiar a nosa actividade *online* privada co fin de evitar atentados, *bullying*, radicalización, etc.?
- Sendo a desinformación unha ameaza real para a democracia, consideras que se debería limitar a liberdade de expresión e de prensa para protexela?

